

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

## GASTRONOMÍA GALEGA

A cociña galega caracterizouse máis pola riqueza das súas materias primas que pola existencia de grandes receitas. Dar un paseo polo mercado de Padrón, especialmente os domingos, cando se concentran vendedores procedentes das comarcas próximas, bríndanos a posibilidade de asistir a un espectáculo gastronómico.

Padrón desempeña o papel de despensa de Galicia. Ás mesmas beiras do río Sar, a praza de abastos é unha mostra perfecta do que se pode comer en Galicia. Ás dúcias de variedades de peixes e mariscos que ofrece o mar de Arousa —nécora, centola, cigala, camarón, ameixa, polbo, sardiña, rodaballo, carioca—, únese a primitiva lamprea, as troitas, o reo e o xa escaso salmón do Ulla.

Falamos de peixes, pero tamén podemos facelo de carnes, desde a tenreira galega ata a caza, se a tempada o permite, pasando por todo tipo de aves e, como non, da diversidade de produtos derivados do porco.

Acompañando as carnes, os demais produtos do campo están presentes na gastronomía padronesa, e entre todos destacan os pementos de Herbón, que levaron o nome de Padrón ás cartas dos mellores restaurantes do mundo.

<http://www.concellodepadron.es/node/101> (adaptación)



1 Segundo o texto, que é o que caracteriza a cociña galega? Marca a resposta correcta:

a cantidade de restaurantes que hai

a famosa paella

a calidade das materias primas

receitas moi elaboradas

2 Responde:

a) De que vila se fala? .....

b) Que dous ríos pasan por alí? .....

c) Que ría está cerca desta vila? .....

d) Que «espectáculo» hai os domingos? .....

3 Que famoso produto do campo procede desta zona?

.....

4 Escribe os nomes que recordes de mariscos e peixes citados no texto.

.....

5 Subliña o significado correcto de *gastronomía*:

a) Dor de estómago; gastrite.

b) Coñecementos sobre a arte de preparar boa comida.

c) Ciencia que estuda os astros.

d) Parte da economía que estuda o gasto excesivo.

**Investiga un pouco máis.** Busca unha típica receita galega e escribe: a) os ingredientes necesarios para preparala; b) como se prepara.

.....

.....

.....

.....

.....

.....



1 Elixo na lista un sinónimo e un antónimo para as palabras que se indican:

clara	organizada	escura	revolta
sucio	caloroso	pracenteiro	fresco
desagradable	ampla	estreita	aseado

## sinónimos

## antónimos

.....	luminosa	.....
.....	agradable	.....
.....	ancha	.....
.....	frío	.....
.....	ordenada	.....
.....	limpo	.....

2 Elixo na lista de abaixo e escribe: dous nomes propios, dous abstractos, un colectivo e un non contable.

veciñanza	amor	cómic	fariña
Ánxela	albóndega	bondade	Óscar

.....

.....

.....

3 No exercicio anterior, rodea en vermello as palabras agudas; en verde, as graves, e en azul, as esdrúxulas.

4 Di que versos riman neste poema e que tipo de rima é:

Coñezo unha terra, un país de lenda  
 que chea de festas ten a súa axenda:  
 do grelo, da empanada e do berberecho...  
 Creo que se chama País das Merendas.

Antón Cortizas: *Vaia tropa!*, Edicións Xerais.

.....